



Tridecálogo sabor dos Edublogs

Por: Lourdes Domenech, Fede Luque, Bea Marín,

Irene Martínez, Joan Sedeño, Isidro Vidal

Traducción al gallego: Carlos Santos

1. PRESENTACIÓN

Incluír un texto de presentación cos datos do centro, a localidade e o nivel ou niveis educativos.

2. OBXECTIVOS

Indicar claramente cales son os **obxectivos**, é dicir, que se pretende dende o punto de vista didáctico (blog de soporte á materia, de intercambio de experiencias...).

3. AUTORÍA

Indicar a autoría das entradas. Exponer claramente se está realizado pol@s alumn@s, con ou sen a participación do profesorado.

4. PERMISOS

Definir os roles dos usuarios e o protocolo de publicación.

5. IDENTIDADE

Ser cuidadosos cos datos do alumnado. Comprobar que se dispón da autorización para o uso dos seus datos (nome, imaxe), e non dar acceso libre ás súas direccións de correo electrónico.

6. MOTIVACIÓN

Estimular no alumnado a elaboración de colaboracións orixinais. Completar a información obtida de Internet con comentarios ou aportacións persoais, poñer as citas entre aspas e citar sempre as fontes.

7. CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Orientar ao alumnado na necesidade de facer un bo uso da linguaxe pensando que as súas aportacións poden ser lidas por unha gran diversidade de persoas.

8. CIBEREDUCACIÓN

Seguir as normas de etiqueta dos blogs e ser respectuosos, tanto na redacción das entradas como coas opinións dos lectores do blog.

9. CRITERIOS DE EDICIÓN

Seleccionar e establecer algunhas características que deberían ter as entradas en relación co seu contido, estrutura, finalidade ou o uso de elementos multimedia.

10. ORGANIZACIÓN

Definir os mecanismos de busca dos contidos por medio de etiquetas ou mediante entradas con ligazóns temáticas.

11. PARTICIPACIÓN

Estimular a participación e a xeración de comentarios, por exemplo, acabando as entradas cunha pregunta ou unha idea suxestiva.

12. MODERACIÓN

Participar e moderar para que o blog sexa un espazo de comunicación entretido e aberto pero, á vez, rigoroso e sincero.

13. ANEIS DE COMUNIDADES

Ampliar o alcance do blog enlazando outros que compartan intereses.

